3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 30 de xullo de 2024, polo que se modifica o Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía de Galicia prevé no seu artigo 53, apartado 2º, que unha lei aprobada polo Parlamento regule a institución do Consello de Contas para asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma, que deberán someterse á aprobación do Parlamento. No exercicio das competencias previstas no artigo 152 da Constitución e no artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento aprobou a Lei 6/1985, do 25 de xuño, do Consello de Contas, e configurou no seu artigo 1º o Consello como un órgano dependente directamente do Parlamento e asesor deste. Ante as dúbidas xurdidas acerca do ámbito de actuación do Consello de Contas e a pesar da dicción literal do artigo 2 da súa lei reguladora, que ao describir o ámbito de actuación establece unha serie de entes entre os que, loxicamente, non se encontra o Parlamento, cómpre modificar aquelas normas de carácter infralegal que poidan dan lugar a unha incorrecta interpretación do bloque da constitucionalidade que resulta de aplicación nesta materia e así ordenar a actuación do Consello cara ao seu fin institucional: a fiscalización das políticas públicas das administracións activas en Galicia. Esta regulación reforza o rol instrumental do órgano dependente da Cámara na liña da normativa vixente noutras comunidades autónomas onde existe ese ente de control externo (como Cataluña, País Vasco, Baleares, Aragón ou Asturias) e tamén na das Cortes Xerais e o seu órgano dependente, o Tribunal de Cuentas.

O control externo do Parlamento de Galicia está garantido con plenitude polas previsións dos artigos 153.d) e 136 da Constitución.

Por todo o antedito, conforme o disposto no artigo 30.1.2.ª do Regulamento da Cámara e o artigo 3 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa, na súa reunión do 30 de xullo de 2024 e de acordo coa Xunta de Portavoces, dispón:
Artigo único. *Modificación do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo*

Derrógase a alínea 3 do artigo 23 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo.

Disposición derrogatoria única

Quedan derrogadas todas as disposicións regulamentarias dos órganos de goberno da Cámara contrarias ao disposto neste acordo da Mesa do Parlamento de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-0sKTkyNh5-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta disposición regulamentaria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2024
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-0sKTkyNh5-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/